

O PSOE de Vilalba denuncia que o Alcalde paga obras sen consignar no Orzamento e valida facturas doutras executadas en bens privados

Luis Fernández critica “esta práctica abusiva” do Rexedor, que demostra “o uso caciquil que fai o equipo de goberno do diñeiro público”

O Concello executou tres obras en propiedades privadas por importe de 48.000 euros, grazas á modificación extraxudicial de crédito de 343.000 euros ratificada en maio polo Partido Popular, e realizada “de modo arbitrario e sen xustificación algunha”

O edil socialista, logo de que para xustificar o pago destas facturas, o Alcalde en sesión plenaria, “intentase encubrir o asunto, dicindo que moitas veces non se sabía se os bens eran de carácter público ou privado”, sospeita que ten que existir algún interese particular na execución destas actuacións por parte do Partido Popular

Os socialistas de Vilalba denuncian “a práctica abusiva” do Alcalde deste Concello, Gerardo Criado, á hora de pagar obras que non están consignadas no Orzamento é de validar facturas correspondentes a actuacións executadas en propiedades privadas. Neste senso, o Concelleiro socialista Luis Fernández, considera que “este tipo de actitudes son máis ben tomaduras de pelo do Rexedor, quen orde o pagamento de facturas, dicindo descoñecer se se estaban a pagar obras en bens que non son públicos. Para nós isto está claro. Só demostra o uso caciquil que foi o equipo de goberno do diñeiro do Concello”. A este respecto, Fernández subliña que “a complicidade que, con estas prácticas, amosan a totalidade dos concelleiros e concelleiras populares -en especial, Jesús Bermúdez, edil de Infraestruturas, Urbanismo e Medio Ambiente, e Agustín Baamonde, concelleiro de Economía e Facenda, este último tamén en calidade de presidente do PP vilalbés- é un claro síntoma de que van aos Plenos única e exclusivamente a reguér a man cando o Alcalde lle reclama a atención”.

En total, tal e como asegura o concelleiro socialista, a entidade local executou tres obras en bens privados. O importe das mesmas ascende a 47.939,45 euros (22.353,74; 19.293,71 e 6.292 euros, respectivamente), e correspóndense con actuacións realizadas todas elas nas parroquias de Samarugo, Lanzós e Santaballa.

Modificación extraxudicial de crédito para pagar as facturas

Esta “práctica abusiva” do Alcalde, demóstrase, segundo indica Fernández, en que, previamente, para efectuar estes pagamentos, no mes de maio, o propio Rexedor ordeou incluír na Orde do Día do Pleno dese mes a aprobación dun recoñecemento extraxudicial de crédito por importe de 343.000 euros. Dita modificación, como non podía ser doutro xeito, foi ratificada por todos os membros do Partido Popular.

Por tanto, para o socialista, este cambio no Orzamento “fíxose de modo arbitrario e sen xustificación algunha”. Proba delo, asegura, é que “no momento de tratar este asunto no Pleno, Criado non deixou que o concelleiro de Obras dera as oportunas explicacións”. Neste senso, o socialista sinala que “este é o Alcalde que temos, que só busca beneficiar a uns cantos, en vez de priorizar os intereses de todos os veciños”.

Sospeitas de que exista algún interese particular

Deste xeito, o socialista critica que, para xustificar o pago destas facturas, fose o propio Alcalde que non dándolle voz ao Concelleiro responsable, “intentase en sesión plenaria encubrir o asunto, dicindo que moitas veces non se sabía se os bens eran de carácter público ou privado”, polo que sospeita que ten que existir algún interese particular na execución destas actuacións. “Como concelleiro de Obras,

o señor Bermúdez ten que saber donde se executan, como se executan e por que se executan. E o de Economía, o Sr. Agustín Baamonde, como se pagan. A quen queren enganar? A nós dende logo non. Todos os vilalbeses teñen que saber isto. O Concello destina os cartos públicos a pagar intereses privados. Sinceramente, isto é inaudito e os socialistas non imos permitir que o Alcalde e o seu equipo de goberno continúen enganando ós veciños, quenes, ademais, legalmente, xa pagan os seus impostos, polo que non merecen ser estafados deste xeito”.

(PARA DECLARACIÓNS, PODEDES CHAMAR Ó CONCELLEIRO LUIS FERNÁNDEZ: 649.473.180)

5 de novembro de 2013

Saúdos,
Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo